



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2003-2004

1.- O período lectivo do Curso Académico comprenderá dende o 1 de outubro de 2003 ó 30 de setembro de 2004. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos.

2.- Actividade académica dos **planos de estudos estruturados en créditos:**

Duración:

Primeiro cuadrimestre: dende o 1 de outubro de 2003 ó 30 de xaneiro de 2004

Segundo cuadrimestre: dende o 25 de febreiro de 2004 ó 11 de xuño de 2004

Probas de avaliación:

1ª convocatoria ordinaria:

-*Primeiro cuadrimestre:* ata o 21 de febreiro de 2004

-*Segundo cuadrimestre:* ata o 9 de xullo de 2004

2ª convocatoria ordinaria (setembro): entre os días 1 e 17 de setembro de 2004.

Convocatoria extraordinaria de fin de carreira: entre decembro e xaneiro, según determinen os centros.

Entrega de actas:

1ª convocatoria ordinaria:

-*Primeiro cuadrimestre:* ata o 12 de marzo de 2004

-*Segundo cuadrimestre:* ata o 27 de xullo de 2004

2ª convocatoria ordinaria (setembro): ata o 5 de outubro de 2004.

Convocatoria extraordinaria de fin de carreira: ata quince días despois de finalizado o período de exames determinado polo centro.

3.- Actividade académica dos **planos de estudos non estruturados en créditos:**

Duración:

Dende o 1 de outubro de 2003 ó 31 de maio de 2004

Probas de avaliación:

1ª convocatoria ordinaria: ata o 9 de xullo de 2004.

2ª convocatoria ordinaria (setembro): entre os días 1 e 17 de setembro de 2004.

Convocatorias extraordinarias de fin de carreira e febreiro: entre decembro e febreiro, según determinen os centros.

Entrega de actas:

1ª convocatoria ordinaria: ata o 27 de xullo de 2004.

2ª convocatoria ordinaria (setembro): ata o 5 de outubro de 2004.

Convocatorias extraordinarias de fin de carreira e febreiro: ata quince días despois de finalizado o período de exames determinado polos centros.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.- As actividades académicas docentes de tódolos planos interrumpiránse dende o día 21 de decembro de 2003 ata o día 7 de xaneiro de 2004 (ámbolos dous incluídos); os días 23 e 24 de febreiro (entroido); e dende o día 3 ó día 12 de abril de 2004 (ámbolos dous incluídos).

5.- Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2004 (San Tomé). Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea ubicado cada centro, así como o da festividade do patrón de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ó máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos patróns dos centros coincidan en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximo; e se cadran en mércores trasladaranse ó venres. As que cadren en domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

6.- Son festividade dos patróns dos centros as seguintes:

- **4 de outubro** (S. Francisco de Asís), Fac. de Veterinaria.
- **18 de outubro** (S. Lucas), Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina).
- **15 de novembro** (S. Alberte Magno), Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias.
- **27 de novembro** (S. Xosé de Calasanz), E. U. de Maxisterio.
- **8 de decembro** (Inmaculada), Fac. de Farmacia.
- **13 de decembro** (Sta. Otilia), E. U. de Óptica e Optometría.
- **23 de xaneiro** (S. Raimundo de Peñafort), Fac. de Dereito.
- **9 de febreiro** (Sta. Apolonia), Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía).
- **24 de febreiro** (Xoán Huarte de S. Xoán), Fac. de Psicoloxía.
- **8 de marzo** (S. Xoán de Deus), E. U. de Enfermería.
- **9 de marzo** (Natalicio do Padre Sarmiento), Fac. de CC. da Educación.
- **17 de marzo** (San Patricio), Titulación de Graduado Superior en Xerontoloxía.
- **19 de marzo** (S. Xosé), Fac. de Ciencias Políticas e Sociais.
- **5 de abril** (S. Vicente Ferrer), Fac. de CC. Económicas e Empresariais, e Fac. de Administración e Dirección de Empresas.
- **26 de abril** (S. Isidoro de Sevilla), Fac. de Filoloxía, Filosofía, Xeografía e Historia, e Humanidades.
- **1 de maio** (Día do Traballo), E. U. de Relacións Laborais.
- **3 de maio** (Día da Liberdade de Expresión), Fac. de Ciencias da Comunicación.
- **15 de maio** (S. Cidre), E. Politécnica Superior.

7.- Cada Centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá facer unha adaptación deste calendario que, en todo caso, terá que facer pública, e comunicala ó Secretario Xeral da Universidade.

DILIXENCIA, para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que o Consello de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 19 de febreiro de 2003, acordou aproba-lo presente “**Calendario académico do curso 2003-2004**”. Có Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2003

Vº e Pr.


O Rector,


Por delegación de sinatura R.R. do 21/02/2003

Vº de Ordenación Académica e Profesorado

O Secretario Xeral


Cástor Méndez Paz




Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz